

Descripción do percorrido:

O Val de Louzara situado ao sur do Concello de Samos é considerado coma unha prolongación da serra do Courel e caracterízase por ser un valioso patrimonio natural e paisaxístico. Está profundamente encaixado entre os altos cumios dos montes do Oribio e da Serra da Escrita e vai dar, kilómetros abajo, ao Lor, columna vertebral do Courel. Estivo profusamente poboado, ainda que hoxe as súas pequenas aldeas están case valeiras. Iremos de vagar por antigos camiños, baixo una mesta vexetación formada por fragas, escarpadas devesas e soutos como o de Vilasivil, un dos máis grandes de Galicia. A ruta que imos facer ten tres partes claramente diferenciadas: A primeira parte transcorre pola marxe dereita do val do Lóuzara, comezando o percorrido na igrexa barroca de San Cristobal de Louzara desde onde baixaremos ao fondo do val pasando pola aldea de Campos, onde se conserva o antigo Priorado que dependeu do Mosteiro de Samos. Trátase dun edificio de planta rectangular con varios balcóns en forxa de ferro. Por corredoiras acadaremos San Xoán, cuxa igrexa conserva un interesante retablo renacentista, con escenas en relevo do nacemento e degollación de San Xoán. Desde aquí seguiremos descendendo ata a Ponte de Louzara onde cruzaremos o río do mesmo nome. A segunda parte é de ascenso continuado pola marxe esquerda do Lóuzara. Pasaremos por Santo Isidro e por Bustofrío para chegar ao Alto da Pedra a 1145m, límite entre os concellos de Samos e O Courel. Nesta zona pódense atopar varias especies de orquídeas endémicas do Courel. A terceira parte é de descenso dende a golada de Pedrafita ata Seoane do Courel, transcorrendo a carón do río Pequeno, afluente do Lor. Vai entre prados cheos de canles de rego á nosa dereita e de largacios soutos á nosa esquerda.

Chegaremos a Pademe, aldea situada a 901 m de altitude, que posúe a segunda devesa más importante do Caurel, con gran variedade de árbores e arbustos autóctonos. Na baixada, cara a Seoane, aparecerán árbores centenarios e camiños que enlazan coas aldeas de Vilasibil, Miraz e Meiraos. Por último veremos as casas do Mazo, arrodeadas dunha abraiante e máxica natureza, enclave do turismo rural que nos brinda a oportunidade de volver ao pasado lembrando as ferrerías que había antigamente. Desde aquí, por un antigo carreiro, chegaremos a Seoane do Courel.

Dificultade: moderada

Teléfono Servicio asistencia 902136524 (Mapfre)

MIDE

PO LOS VALES DE LOUZARA E RIO PEQUEÑO

horario	Sh	1	savridad del medio natural
desnivel de subida	566 m	2	orientación en el itinerario
desnivel de bajada	802 m	2	dificultad en el desplazamiento
distancia horizontal	14,4 Km	3	cantidat de esfuerzo necesario
tipo de recorrido	Travesía		

Condiciones de Todo el año, tiempos estimados según criterio MIDE, sin paradas.

Calculado sobre datos de 2017.

PROXIMAS ACTIVIDADES 2017

✓ 17 diciembre: Ruta das Feiras. Friol (LU). e mais Xantar
Próximo calendario en elaboración




Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org



SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS

COÑECE E CAMIÑA



19 de NOVIEMBRE de 2017
PO LOS VALES DE LOUZARA E RIO
PEQUEÑO
CAUREL (Lugo)

14,4 kms.

